INFORME SOBRE PROPOSTA DE RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

ANTECEDENTES

Único.- Solicitude de tramitación de modificación da relación de postos de traballo

Esta dirección xeral recibe documentación da Vicesecretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia, para a tramitación da proposta de modificación da relación de postos de traballo, despois da negociación previa coas organizacións sindicais na consellería.

A documentación remitida é a seguinte:

- Memoria funcional
- Memoria económica
- Documentación da reunión coas OOSS O 16.11.2023
- Listaxes de postos e de equivalencias

Non consta no expediente o informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, de conformidade co disposto no artigo 25.2.C.b) do *Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública* (DOG núm. 120, do 23/06/2022).

Unha vez analizada a documentación e de conformidade co establecido no artigo 24.2.o) do Decreto 113/2022, do 16 de xuño, esta Dirección Xeral da Función Pública emite o seguinte,

INFORME

Primeiro.- Estrutura orgánica da Xunta de Galicia

O Decreto O 59/2023, do 14 de xuño, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 113, do 15 de xuño) tendo en conta os criterios de eficacia e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa. Este decreto establece que a Xunta de Galicia estará integrada polas seguintes vicepresidencias e consellerías:

- Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
- Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
- Consellería de Facenda e Administración Pública
- Consellería de Infraestruturas e Mobilidade
- Consellería de Economía, Industria e Innovación
- Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
- Consellería de Política Social e Xuventude
- Consellería de Sanidade

CVE: h4EWTUnLRV48
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Función Pública
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.funcion.publica@xunta.gal

- Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade
- Consellería do Medio Rural
- Consellería do Mar

Segundo.- Órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia

O Decreto 72/2022, do 25 de maio, *estableceu os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia* (DOG núm. 101, do 27 de maio).

No seu artigo único establece como órganos superiores e de dirección:

1. Secretaría Xeral da Presidencia:
    1.1. Dirección Xeral do Gabinete Técnico da Presidencia.
2. Secretaría Xeral de Medios:
    2.1. Dirección Xeral de Comunicación.
3. Secretaría Xeral da Emigración.
4. Asesoría Xurídica Xeral, con rango de Secretaría Xeral.

Quedan adscritas á Presidencia da Xunta de Galicia:

- Axencia de Turismo de Galicia, que se axustará nos seus fins, estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia; no Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, e demais normas de aplicación.
- As delegacións da Xunta de Galicia no exterior.

Terceiro.- Estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia

O Decreto 108/2022, do 16 de xuño, estableceu a estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia. (DOG núm. 117, do 20 de xuño)

Este decreto, no seu artigo 1, estabrece que dependerán da Presidencia da Xunta de Galicia os seguintes órganos superiores e de dirección:

a) Secretaría Xeral da Presidencia. A dito órgano adscríbese a Dirección Xeral do Gabinete Técnico da Presidencia.
b) Secretaría Xeral de Medios. A dito órgano adscríbese a Dirección Xeral de Comunicación.
c) Secretaría Xeral da Emigración.
d) Asesoría Xurídica Xeral, con nivel orgánico de secretaría xeral.

2. Queda adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia a Axencia de Turismo de Galicia, que se axustará nos seus fins, estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, e demais normas de aplicación.

3. A Presidencia da Xunta de Galicia contará coa Oficina de Asesoramento Especial e Apoio á persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia, así como coa Xefatura de Comunicación, que se

Dirección Xeral de Función Pública
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.funcion.publica@xunta.gal

CVE: h4EWTUnLRV48
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

encargarán de prestar asesoramento especial e apoio á Presidencia da Xunta de Galicia no desenvolvemento do seu labor político, no cumprimento das súas funcións de carácter parlamentario e nas súas relacións coas institucións públicas, os medios de comunicación e as organizacións administrativas, así como actividades protocolarias.

Cuarto.- Obxecto do informe

O obxecto do presente informe é a proposta de modificación da relación de postos de traballo da Presidencia da Xunta de Galicia para, segundo recollen na memoria funcional, actualizar a súa relación de postos e adaptalo á súa estrutura orgánica, e **adecuar os efectivos de persoal adscritos á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia** para garantir o normal cumprimento das súas competencias e funcións. A proposta contén, maiormente, a creación dos seguintes postos:

- Letrado especialista en Asesoramento e Apoio á produción normativa
- Xefatura de Xefatura Xección de Apoio Xurisdicional.

Os postos coa clasificación completa figuran no recollidos no **anexo** a este informe.

Quinto.- Creacións, modificacións e amortizacións

- **Quinto 1. Creacións**

Propoñen a creación dos seguintes **2 postos** de traballo:

CENTRO DESTINO	DENOMINACIÓN CÓDIGO DE POSTO	NIVEL F.PROV	SUBGRUPO CORPO /ESCALA	ADSCRICIÓN ADM. FORM. ESPECÍFICA	ÁREA FUNC.
ASESORÍA XURÍDICA XERAL	Letrado especialista en Asesoramento e apoio á producción normativa PX.501.00.000.15770.093	30 (LD)	A1 XSL	A11 640	
ASESORÍA XURÍDICA XERAL	Xefatura sección de Apoio Xurisdicional PX.501.00.000.15770.053	25 (C)	A1-A2-C1 XERAL	AXG	XUR

CÓDIGOS

XSL XERAL (ESCALA LETRADOS
A11 ADSCRICIÓN INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA, ESTADO E CC.AA.
AXG ADSCRICIÓN EXCLUSIVA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA
640 PARA PERSOAL DOUTRA ADMINISTRACIÓN, CURSO DE PERFECCIONAMENTO DE GALEGO (R.I.).

Dirección Xeral de Función Pública
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.funcion.publica@xunta.gal

CVE: h4EWTUnLRV48
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

En relación a estes postos indicar o seguinte:

- A creación do posto de ***Letrado especialista en Asesoramento e Apoio á produción normativa*** responde, segundo recollen na memoria funcional, da necesidade de crear un posto que apoie no desenvolvemento das funcións inherentes á Asesoría Xurídica Xeral:

    - Informe dos anteproxectos de lei, proxectos de disposición con forza de lei, e dos proxectos de regulamentos executivos con exame da súa adecuación ao ordenamento constitucional, estatutario e legal, así como á técnica normativa

    - Asistencia nos procesos de elaboración e tramitación dos anteproxectos normativos que se lle encomenden pola Asesoría Xurídica Xeral

    - Asesoramento Xurídico naqueles asuntos ou materias que pola súa especialidade se lle encomenden pola Asesoría Xurídica Xeral

    Cabe resaltar o recollido na disposición derradeira segunda do Decreto *1/2014, do 9 de xaneiro, polo que se regula a creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero (Dog nº 6 do 10 de xaneiro) que modifica o Decreto 343/2003, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia (Dog nº 153, do 8 de agosto)*

    Esta disposición engadiu un novo parágrafo ao artigo 7 do Decreto 343/2003, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, indicando que " *Para a consecución da eficacia na prestación dos servizos e a eficiencia na utilización dos recursos dispoñibles, as correspondentes relacións de postos de traballo dimensionarán adecuadamente os efectivos asignados á asesoría xurídica e aos órganos que dependen dela, adscribindo, ademais dos titulares dos órganos, o número de postos de letrado que se determine**. Os niveis destes postos de traballo estarán comprendidos entre o 28 e o 30**, segundo a especialización técnica do posto ou a atribución de tarefas de especial responsabilidade"*

    A Asesoría Xurídica Xeral conta cos seguintes outros postos especializados **coa mesma clasificación e nivel 30:**

    - Letrado/a Especialista Xurisdicción Civil e Penal
    - Letrado/a Especialista Función Pública e laboral
    - Letrado/a Especialista mellora calidade normativa

- A creación da ***Xefatura de Sección de Apoio Xurisdicional*** resulta coa finalidade de realizar os labores administrativos precisos para a correcta execución da función de asistencia xurídica aos letrados

Dirección Xeral de Función Pública
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.funcion.publica@xunta.gal

CVE: h4EWTUnLRV48
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- **Quinto 2. Modificacións (cambios de adscricións , denominacións...)**

Recodifican o código do posto de Xefatura Gabinete de Defensa Xurisdicional motivado pola creación da Xefatura de sección de Apoio Xurisdicional.

CENTRO DESTINO	DENOMINACIÓN	CÓDIGO POSTO ANTERIOR	CÓDIGO POSTO NOVO
ASESORÍA XURÍDICA XERAL	Xefatura Gabinete Defensa Xurisdiccional	**PX.501.00.000.15770.055**	**PX.501.00.000.15770.052**

A Asesoría Xurídica Xeral adquire rango de Secretaría Xeral en virtude do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, que estableceu a estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia. (DOG núm. 117, do 20 de xuño), polo que propoñen a modificación da denominación do secretario/a do titular do órgano:

CENTRO DESTINO	CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN ANTERIOR	NOVA DENOMINACIÓN
ASESORÍA XURÍDICA XERAL	PX.501.00.000.15770.001	**Secretario/a do/a Director/a Xeral**	**Secretario/a do/a Secretario/a Xeral (*)**

(*) Secretario/a xeral da Asesoría Xurídica Xeral

En relación aos postos non vacantes con propiedade deben de proceder á previa comunicación da modificación ás persoas ocupantes dos mesmos.

Os postos afectados coa clasificación completa, figuran recollidos no **anexo** a este informe.

- **Quinto 3. Amortizacións.**

Propoñen a amortización dos seguintes postos vacantes:

UNIDADE ADMINISTRATIVA	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	GRUPO/SUBG.	NIVEL
SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA	PX.102.00.002.28001.002	POSTO BASE SUBGRUPO A1	A1	20
ASESORÍA XURÍDICA XERAL	PX.202.00.000.15770.001	SECRETARIO/A DO /DA DIRECTOR/A XERAL	C1-C2	18
DIRECCIÓN XERAL DE COMUNICACIÓN	PX.501.00.000.15770.038	SECRETARIO DO GABINETE XURÍDICO	C1-C2	16

CVE: h4EWTUnLRV48
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Función Pública
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.funcion.publica@xunta.gal

Sexto- Postos de libre designación

O artigo 92 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece que soamente se poderán cubrir polo sistema de libre designación con convocatoria pública entre persoal funcionario de carreira as vicesecretarías xerais, as **subdireccións xerais ou equivalentes**, as secretarías de altos cargos e, excepcionalmente, aqueloutros postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen las relacións de postos de traballo.

Nesta proposta, inclúen a creación do posto de ***Letrado/a especialista en Asesoramento e apoio á producción normativa*** con sistema de provisión por libre designación; posto asimilado a **subdirección xeral.**

Conclusión

De conformidade co exposto, e consideradas as xustificacións organizativas e funcionais contidas na proposta, esta dirección xeral, **INFORMA FAVORABLEMENTE** á proposta de modificación da relación de postos de traballo da **Presidencia da Xunta de Galicia**, procedendo a sometela ao preceptivo informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

Incorporamos a este informe o anexo da RPT.

O director xeral da Función Pública.

Asinado por: BARREIRO DIAZ, JOSE MARIA
Cargo: Director xeral da Función Pública
Data e hora: 07/12/2023 14:20:49

CVE: h4EWTUnLRV48
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Función Pública
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.funcion.publica@xunta.gal